

Acta XII Asemblea Xeral da MAREA PONTEVEDRA PONTEVEDRA
Venres 18 de setembro de 2015 na Sede da Marea (Cruz Vermella, 22, baixo)

Sendo as 20,15 horas e co quórum requirido (18 persoas) da comezo a Asemblea Xeral de Marea Pontevedra coa seguinte

ORDE DO DÍA:

1. Aprobación da acta anterior
2. Debate e votación da carta financeira e orzamentos 2015
3. Información sobre os contactos para a candidatura de Unidade Popular para as eleccións xerais
4. Presentación das iniciativas do GM
5. Varios

ACORDOS:

1. Aprobación da acta anterior. **Aprobada**
2. Debate e votación da carta financeira e orzamentos 2015

Despois de debater **aprobase sen ningún voto en contra**, e sen modificacións a **carta financeira** e os **orzamentos 2015**

3. Información sobre os contactos para a candidatura de Unidade Popular para as eleccións xerais

Cruz informa sobre os contactos coas mareas municipais e informa da colaboración coa Marea Vigo de cara a Deputación.

Informa dos encontros pola confluencia e os dous encontros un convocado por Lugo Novo e outro polo Encontro pola Marea Galega expresando a postura de impulsar unha candidatura unitaria pero non que se crease unha estrutura mais.

Tamén se informa sobre a xuntanzas mantidas con Podemos nos que houbo boa sintonía.

Ábrese quenda de palabras co sentir común de que haberá dúas candidaturas as eleccións xerais, unha do nacionalismo do BNG e outra de ruptura, e de que as Mareas deben de dar un paso adiante para que non quede fora deste proceso a cidadanía.

4. Presentación das iniciativas do GM

Informase das iniciativas do GM, da conta delas Luís Rei di que para o pleno do mes que ven vai ir unha iniciativa para reclamar a Cámara de Comercio unhas subvencións, que se esta preparando un novo regulamento de participación, calendario de feiras que inclúa pasar a feira do outro lado do río para a zona do

mercado de abastos, unha nova feira en Monteporreiro e que tamén inclúa a feira de Estríbela ademais da posibilidade de crear mais.

5. Varios

Marcos Cal propón que a Marea presente varias propostas na asemblea programática de Podemos.

Xaime Acuña pide unha proposta seria de saneamento para Pontevedra.

Sen máis asuntos que tratar levantase a xuntanza ás 22,18 horas.

Asinado: Esteban Rey | exerceu de Secretaria de Actas

Xoán Hermida | Coordinador